

**O paradigma galego nunha cartografía identitaria
da poesía na península ibérica: máis alá de minorización e
normalización entre resistencia e institucionalización**

Javier García-Montero

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GARCÍA-MONTERO, JAVIER (2011 [2004]). “O paradigma galego nunha cartografía identitaria da poesía na península ibérica: máis alá de minorización e normalización entre resistencia e institucionalización”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2002, 221-240. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1218>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GARCÍA-MONTERO, JAVIER (2004). “O paradigma galego nunha cartografía identitaria da poesía na península ibérica: máis alá de minorización e normalización entre resistencia e institucionalización”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2002, 221-240.

* Edición dispoñíbel desde o 6 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

O paradigma galego nunha cartografía identitaria da poesía na península Ibérica: máis alá de minorización e normalización entre resistencia e institucionalización

Javier Gómez-Montero

Xoán González-Millán sentou as bases metodolóxicas que permitirán estudos críticos das literaturas minorizadas —non só en España— desde a perspectiva da interacción entre discursos sociais e estéticos. Desde a súa cátedra neoirquina desenvolveu un sólido rexistro de categorías e conceptos teóricos aptos para reescribir a historia dos xéneros da literatura galega na Modernidade a partir de cuestións e problemas que a estruturan desde o Rexurdimento ata os nosos días. O presente ensaio recorre a toda unha serie de ideas e formulacións auspiciadas por Xoán González-Millán para describir na poesía galega aspectos da articulación histórica da Nación (a súa concepción, construción narrativa e procección posnacionalista) desde a fase fundacional dos discursos identitarios á sombra do Romanticismo, pasando pola consolidación da conciencia histórica de Galicia como nación na resistencia cultural durante o franquismo ata chegar ás súas reformulacións postutópicas e posmodernas.

Xoán González-Millán established a methodological basis for studying the literature of minority language communities (not only in Spain) from an interdisciplinary viewpoint, considering both social and aesthetic discourses. The New York City professor developed a solid register of theoretical categories and concepts suitable for rewriting the history in Modern times of literary genres in Galicia, based on the issues and problems which demarcate its structure since the “Galician Revival” (in the 19th century) to our day. This essay, draws on a whole series of ideas and suggestions promoted by Xoán González-Millán to describe aspects of the historical articulation of the concept of “Nation” in Galician poetry (its conception, narrative construction and post-nationalist scope). This development stems from the foundational stage of identity-making discourses, overshadowed by Romanticism, moving on to the consolidation of Galicia’s historical consciousness as a nation in cultural resistance, during the Franco era), until reaching its post-utopian and postmodern reformulations.

1. UN TRIBUTO CRÍTICO PERSOAL EN HOMENAXE A XOÁN GONZÁLEZ-MILLÁN

Os meus estudos sobre literatura galega gardan unha débeda múltiple cos traballos de Xoán González-Millán e son expresión dunhas obsesións comúns como el mesmo expresou na dedicatoria do exemplar de *Resistencia cultural e diferenza histórica* que me enviou desde Nova York ás lánquidas ribeiras occidentais do Mar Báltico en Kiel: “Para Xabier, con quen comparto tantas obsesións. 2/14/02”.

Cando cara a 1997 iniciéi un proxecto de investigación sobre literatura fantástica na Modernidade, ao encarar o fenómeno na literatura galega, deseguida atopei co seu libro sobre Álvaro Cunqueiro en cuxas análises xa aparecían as claves identitarias que as miñas lecturas de literatura galega nos anos posteriores buscaron desentrañar.

Desde ese punto de partida aventureime a contextualizar a cuestión identitaria na era da globalización, e así descubrín os seus estudos sobre as condicións dis-

cursivas da literatura galega. Así pois, antes de dar paso á miña exposición, permítaseme sinalar brevemente os seguintes temas obxecto de reflexión de Xoán González-Millán que marcaron a pauta dos meus traballos se ben matizándoos, aínda que o menos posible, desde o prisma da miña propia subxectividade:

- A súa convicción do condicionamento dos discursos literarios segundo o grao da súa institucionalización, polos límites do mercado, o peso económico da industria cultural, os axentes sociais e o seu radio de acción, etc.
- A súa denuncia do equilibrio diglósico da sociedade galega e a repercusión dese feito en xeral en detrimento da cultura galega en galego.
- A súa análise, xustificación e crítica do sistema literario galego —así como o seu deseño de perspectivas de normalización— sobre a base de dispositivos endóxenos de rexeneración.
- A súa reformulación crítica do concepto de literatura nacional —a partir da superación do criterio filolóxico (a mera escritura literaria en galego)— a expensas ou en favor de criterios estéticos como factor determinante dos procesos de colonización literaria.
- A súa toma de conciencia dos problemas de autoxestión que xeran discursos culturais cuxa razón de ser se esgote no proxecto exclusivo de construción nacional.
- O seu diagnóstico da crise do macrotexto ‘nación’ como garantía de excelencia da literatura galega e a súa proposta de configuración dun intertexto polifónico dadas as transformacións actuais no artellamento social da idea de identidade nacional.
- A súa recondución da noción de *nacionalismo literario* cara ao concepto de *resistencia cultural* recoñecendo conscientemente a vontade —e ás veces necesidade— de boa parte dos escritores galegos de artellar un imaxinario cultural identitario.
- A súa descrición das estruturas do sistema literario galego así como a súa análise da interrelación dos sistemas literarios en España, ou incluso nun sentido máis amplo, na península Ibérica, a partir das relacións de hexemonización, minorización e subalternidade dentro dun complexo polisistema definido historicamente polos discursos e mecanismos do poder.
- A súa tese da xeración dese desequilibrio entre as partes do diasistema en razón do desigual capital cultural respectivo e, á marxe da propiciación histórica do feito, a súa énfase na importancia do poder e da resistencia como factores tanto de construción e representación, como de elementos decisivos na produción e reprodución da identidade colectiva.
- A súa indicación das aínda precarias condicións de consolidación do sistema literario galego e, en consecuencia diso, a súa esixencia de institucionalizar un imaxinario colectivo para que o discurso literario galego adquira a consistencia debida e a definitiva prestancia como discurso social.

Dado que quizais este último punto merecese os seus maiores esforzos nos últimos anos, e dado que, finalmente, saquei como ensinanza meridiana dos seus escritos que a literatura galega debe ser comprendida non só como discurso literario, senón tamén como discurso social, serame permitido pechar esta enumeración cunha ampla cita na que se cifra máis dun augurio e o alento máis humano dos seus intereses críticos:

On peut en déduire que, lorsque, dans un espace culturel précis, un minimum d'institutionnalisation discursive n'existe pas, il est problématique de considérer national un système littéraire sans analyser au préalable les relations complexes et les distinctions nécessaires entre littérature nationale, nationalisme littéraire et système littéraire. Lorsque des fonctions discursives imposées persistent encore, c'est-à-dire lorsque l'institutionnalisation discursive est déficiente, et la littérature comme entité sociale n'a pas obtenu l'autonomie suffisante, on ne peut pas parler d'un système littéraire consolidé et encore moins de littérature nationale. Selon cette hypothèse, la littérature galicienne pourrait difficilement s'approprier cette dénomination, même dans son état actuel. (1997: 169)

No ano 1999 Xoán González-Millán aceptou gustoso a miña invitación para inaugurar, a finais de marzo en Berlín, un simposio sobre a cuestión da identidade nos discursos literarios da península Ibérica. A súa intervención, profundamente ampliada e puntualizada para os lectores non hispánicos, foi publicada en versión alemá nas Actas (González-Millán 2001). Nese texto o profesor neoiorquino propón o caso da literatura e cultura galegas como modelo para o estudo doutros discursos literarios minorizados ou subalternos e que, polo tanto, pode facerse tamén extensible a outros espazos culturais de Europa, como poden ser Escocia, o País de Gales, Bretaña, etc. Así, a cultura e literatura galegas servirían de exemplo para describir as estruturas simbólicas dun complexo discurso social que hoxe en día e en moitas latitudes integra —ás veces de forma virulenta, ás veces relativizando o potencial de conflitividade— o concepto de nación nos proxectos de construción de sociedades futuras.

É neste contexto onde é preciso observar que a súa reivindicación do concepto de literatura nacional e a súa reformulación crítica para as literaturas minorizadas gana corpo xusto no tempo de descrédito do concepto de nación nas literaturas canónicas de Occidente. Penso, polo tanto, que o seu traballo arremetía tamén contra esa hipoteca que nos legou a Modernidade e que explica a actual agonía da Nación dados os repetidos despropósitos das Institucións do Poder especialmente durante o século XX. Entre liñas acerto a ler no seu traballo crítico un alegato para devolver á nación un estatuto ético baixo os auspicios da sociedade civil. Neste marco cobra unha relevancia moi especial a súa brillante conceptualización da diferenza entre identidade (colectiva/nacional) e identificación cultural, entre sociedade civil e diferencialismo identitario.

Os estudos de Xoán González-Millán, en definitiva, liberan os estudos académicos da literatura galega da súa ancestral dependencia institucional dos estudos filolóxicos facéndoa digna dos Estudos Culturais e converténdoa en privilexiado obxecto de atención da Teoría da Literatura. A previsible recepción —non só en Alemaña— do enfoque practicado por Xoán González-Millán permitirá situar a literatura galega no seu conxunto (e en particular os seus autores máis significativos hoxe en día a nivel internacional como Manuel Rivas e Suso de Toro) na encrucillada máis xenuína na Europa dos Estudos Culturais dado o carácter tan emblemático dos procesos de minorización e hibridación culturais que definen o proceso histórico da literatura galega e os seus contactos coa española e a portuguesa.

As ideas formuladas, os conceptos críticos que ao respecto foi desenvolvendo Xoán González-Millán —e que dan proba fidedigna do altísimo potencial de creatividade intelectual que perdemos— aportaron unha decisiva contribución ao meu esbozo dunha *Cartografía identitaria de los discursos poéticos en España*. En particular recorrín con frecuencia á súa proposta dun paradigma de artellamento histó-

rico de discursos literarios subalternos —como o galego en España— desde o modelo fundacional romántico ata a polifonía estética e a pluralidade ideolóxica na nosa fin de século, tal e como Peter Zima define as manifestacións máis características da súa literatura (Zima 2001).

A continuación refiro só uns pequenos apuntamentos para esa cartografía identitaria comezando por unha formulación sistemática das premisas metodolóxicas antes de afrontar unha esquemática análise histórica dos procesos de constitución, maduración, disolución e persistencia da idea dunha identidade colectiva (ou nacional) na lírica galega. Por último, engadirei unha lectura hermenéutica dunha serie de poemas ilustrativos do artellamento da problemática identitaria na lírica galega.

2. FORMULACIÓN SISTEMÁTICA: LITERATURA, NACIÓN, IDENTIDADE (UNHA SINOPSE)

A cuestión identitaria na súa representación literaria abarca aspectos básicos e intimamente enlazados entre si desde os albores da Modernidade: a Persoa e a Nación (que, á súa vez, resultan entre si categorías fundacionais para a xestión do Estado Moderno) en canto que este asume —como o seu principio lexitimador— a soberanía do Individuo e do Pobo. Polo tanto, poderíanse reconstruír dúas liñas paralelas no proceso de cristalización da subxectividade entre Modernidade e Posmodernidade:

- A. Suxeito persoal: da súa constitución utópica no Romanticismo como conciencia autónoma ao descentramento, fragmentación e disolución onde xermola actualmente o seu recentramento simbólico ou ficcional e a súa reconstitución postutópica.
- B. Suxeitos colectivos: apoteose, ruína e parcial reconstitución da nación desde o Romanticismo á Posmodernidade.

En canto á cuestión de Literatura e Nación é preciso partir do alto potencial simbólico da literatura —ou da cultura en xeral—, o que explica que a literatura asuma unha posición privilexiada na constitución dos discursos identitarios. Prescindindo de fórmulas premodernas suxeitas ás regras de construción dun estado baseado nos principios dunha monarquía absoluta ou universal (tamén na idea de Imperio), para a construción dunha nación a partir dun concepto moderno resultarán determinantes as estratexias culturais de construción de identidade colectiva que poden ser de tres tipos:

1. Esencialistas e monolóxicas (a partir de categorías como carácter, alma, pobo, espírito ou xenio nacional..., tal e como foron concibidas por exemplo desde Johan Gottfried Herder ata Ernst Renan).
2. Construtivistas (en base a unha diferenciación positiva ou negativa): o propio *per se*, empírico ou imaxinario, e os trazos distintivos con respecto ao referente da diferenciación. A súa operancia comporta estratexias de exclusión, de desmarque ou deslinde e de integración a partir dun proceso histórico vinculado aos discursos e mecanismos do poder que denominamos procesos de hexemonización e minorización discursiva.
3. Performativas e pragmáticas (resultado dunha *negotiatio* e polo tanto marcadas pola súa variabilidade, transitoriedade, conveniencia ou interese en

perpetuar un *statu quo* imposto nun momento determinado, etc.). Nación serve entón de horizonte cultural específico nunha sociedade en si heteroxénea na que a orde se basea na diferente identidade cultural garantida polo estado.

Con estas premisas de pano de fondo suxiro as seguintes teses sobre literatura e nación que a continuación serán desenvoltas para describir o artellamento dos discursos identitarios na lírica galega:

- Tese 1: (Anverso) *A maior minorización, maior relevancia dos discursos identitarios nas literaturas do estado español*; e (reverso): *a maior normalización e institucionalización do discurso literario, menor importancia asume o paradigma identitario*.
- Tese 2: *No polisistema e diasistema literario da península Ibérica as relacións de hexemonización e minorización entre as partes están suxeitas a variables históricas dependentes dos mapas de poder, é dicir, dos discursos do poder respectivamente dominantes*.
- Tese 3: *Desprestixio actual dos discursos identitarios monologantes, esencialistas, homoxeneizantes en beneficio de posicións postutópicas e conscientes da hibridación, alteridade e globalización culturais. Así, cabe auspiciar a reconversión dos discursos de identidade colectiva nos posnacionalismos da sociedade civil*.
- Tese 4: *Nos discursos canónicos en Europa o paradigma identitario subsiste hoxe ora como deconstrución de si mesmo ou ora como destrución e autocorrección. Tal é o paradigma dominante nas literaturas portuguesa e española, á marxe de tendencias proclives a unha restauración centralista (por exemplo a través de vías institucionais como premios, e todo tipo de subvencións que, por certo, poden complementarse e entrar en conflito xa que as institucións autonómicas dispoñen de recursos semellantes ás estatais)*.

3. OS DISCURSOS IDENTITARIOS NA LÍRICA GALEGA COMO PARADIGMA DUNHA CARTOGRAFÍA IDENTITARIA DA POESÍA NO DIASISTEMA LITERARIO IBÉRICO (LECTURAS ILUSTRATIVAS)

O artellamento do proceso histórico dos discursos identitarios modernos nas literaturas minorizadas do estado español modúlase desde unha fase fundacional romántica e posromántica (durante o século XIX), xerminada na conciencia da subalternidade, consolídase no espírito de resistencia de variada intensidade fronte ao discurso hexemónico e proxéctase cara, ou ata, a súa normalización.

Así cabía describir todo ese traxecto desde a toma de conciencia e reivindicación da Nación á resistencia cultural na experiencia de subalternidade ata a normalización e regularización polifónica actuais. Esquemáticamente poden distinguirse tres fases que acto seguido serán ilustradas, de modo moi elemental e por suposto sen o menor asomo de exhaustividade, por unha serie de lecturas e interpretacións de poemas emblemáticos de cada un dos bloques apuntados. Farase respectivamente fincapé na relevancia e manifestación específica das cuestións identitarias dándose preferencia ás fases máis recentes.

I. *Xerminación do discurso literario na utopía e mito da nación.*

O horizonte fundacional romántico, a súa perpetuación e maduración na Modernidade desde unha conciencia de minorización cultural. Recurso a imaxinarios culturais (celta, bretón, popular, etc.). A literatura —en canto que discurso social e conciencia de expropiación cultural e imposición esóxena— asume logo unha función compensatoria:

1. Privilexio da lírica: Da *gaita folclórica á tuba épico-heróica*. Variante rosaliána de *Cantares gallegos* (folclorización) e variante heroica pondaliana “A fala”. De aí parte a paulatina maduración discursiva na conciencia da subalternidade.
2. Prestancia do ensaio: Construción dun ideario etnoestético esencialista baseado na linguaxe, a historia e a etnia baixo os auspicios da Nación (Xeración Nós, 1920-36 —*vid.* Monteagudo 1995—, e continuidade do seu discurso durante o século XX).

Unha lectura ilustrativa

Eduardo Pondal, “A fala” (1983)

*Nobre e harmoniosa
fala de Breogán
fala boa, de fortes
e grandes sen rival:
ti do celta aos ouvidos
sempre soando estás
como soan os pinos
na costa de Froxán;
ti nos eidos da Celtia
e co tempo serás
un lábaro, sagrado
que ao triunfo guiará
fala nobre, harmoniosa,
¡fala de Breogán!*

*Ti, sinal misterioso
dos teus fillos serás
que polo mundo dispersos
e sen abrigo van;
e a aqueles que foran
nunha pasada edá
defensores dos eidos
contra o duro román
e que aínda cobizan
da terra a libertá,
nun pobo nobre e forte,
valente, axuntarás,
¡oh, fala harmoniosa,
fala de Breogán!*

*Serás épica tuba
e forte sen rival,
que chamarás aos fillos
que aló do Miño están,
os bos fillos do Luso,
apartados irmáns
de nós por un destino
envexoso e fatal.
Cos robustos acentos,*

*grandes, os chamarás,
¡verbo do gran Camoens,
fala de Breogán!*

O poema “A fala” pode considerarse como texto prototípico da fase fundacional en canto que a postulación dunha identidade colectiva serve para reivindicar a existencia dunha nación en termos culturais. Os elementos constituíntes desa identidade nacional son fundamentalmente a linguaxe, o territorio e a historia, se ben tamén asoma un elemento étnico na pretendida irmandade dos pobos celtas. A narración da nación queda así apuntalada mediante a emocionalización discursiva dos elementos identitarios:

- a) Os primeiros versos supoñen unha *laudatio* da lingua galega de acordo coa que a linguaxe é dignificada, sublimada ata o límite de ser considerada como a música propia da natureza e, incluso, sacralizada emotivamente (vv. 1-14).
- b) A memoria da nación é inscrita nunha interpretación heroica que se proxecta retrospectivamente ata unha orixe ancestral da nación, que é, á súa vez, suxeito da linguaxe, e que así —alegoricamente— se converte en Nai que asiste impotente ao destino dos seus fillos na emigración. Ao mesmo tempo, o texto esboza utopicamente a redención das actuais carencias (vv. 15-28).
- c) Por último, esa utopía proxéctase social e territorialmente como unha visión de futuro onde quedaría restablecida a integridade primitiva da Nación na reunificación de territorios e pobos irmáns como son Galicia e Portugal, unisonamente convocados nas figuras míticas de Camoens e Breogán (vv. 29-30).

É incontestable que o poema celebra o propio, apoñéndoo ao alleo alienante, e que a nación se constitúe grazas a estratexias monolóxicas: unha única linguaxe, unha historia idéntica á nación mesma, un pobo sen ningunha fisura... É dicir, a nación enténdese como un a priori atemporal e á marxe da sociedade. A *dictio* poética recorre consecuentemente a un estilo sublime e ás súas propias figuras de expresión así como á linguaxe figurativa do poema heroico, por exemplo á alegoría, á prosopopea e á metonimia mitificantes (Celtia, Froxán), á sinécdoque antonomástica en “o pobo” etc. Así, o modelo pondalio, de clara raigame romántica, artella unha alternativa ás estratexias de constitución textual de *Cantares gallegos* (1863), outro texto fundacional, cuxa discursividade identitaria adquire un perfil idéntico, se ben se serve de estratexias expresivas folclóricas.

II. Toma de conciencia das ambivalencias dos proxectos utópicos e a súa reformulación en clave histórica.

O que revela unha dependencia do paradigma identitario colectivo da idea da construción nacional na Modernidade tardía. Resistencia como principio de acción social e eventual supeditación do discurso literario a unha ideoloxía en loita contra a expropiación e a imposición culturais. Refundación dos discursos identitarios e dobre codificación do texto, sexa a nivel individual (agonía do suxeito persoal) ou sexa colectivo (resistencia da nación):

1. Reivindicación da nación e historización dos seus procesos sociais: *Con pólvora e magnolias* de Xosé L. Méndez Ferrín. Maduración e consolidación de paradigmas simbólicos a base de referentes culturais, sexan estes empíricos ou imaxinarios, o que funcionalmente é irrelevante.

2. Preservación híbrida dunha conciencia simbólica de identidade nacional e autocrítica postutópica: De “Fonema” a “¿Deixaredes morrer a nación dos galegos?” / “A negra terra” de Manuel Rivas. Convergencia de resistencia cultural en simultaneidade cunha sensibilidade urbana e pragmaticamente nacional.
3. Emerxencia de discursos de xénero vinculados a unha reivindicación da nación (María Xosé Queizán e Xohana Torres).

Tres lecturas

A. Xosé Luís Méndez Ferrín: “*Con pólvora e magnolias*” (1975)

*En Compostela pode un home
escoller óboe e docísimo cor ao contrapaso,
decaer nos tremedoiros
(VIBRA; CORAZÓN GASTADO!),
tenra especie de prantas espirais
e añuca ou seixo de xogar antre os dedos.*

*Pode pedra luída
alzarte sobre si coma un guerreiro
é proclamado rei de oucas e carballeiras vellas.*

*En Compostela pode un vento duro
estremecer o corazón da Europa campesiña
que todos temos dentro sen decilo.*

*En Compostela soan polonesas,
nacionalmente, en moitos plenilunios
cabo de transparentes ollos, mortos,
e un barroco de bronce ergue paxaros de duro mármore
e oubear oubean os couselos
nas murallas de San Martiño Pinarío.*

*En Compostela, en fin,
compañías de mortos compañeiros
comen caldo insumiso na lembranza ilustrada
(VOTO POR VÓS: ROSALÍA, PONDAL, FARALDO)
das cabezas alzadas.*

*En Compostela está o que perdemos
e vai nacente noutros e esto é o grande milagre
(¡UNHA LAPA LENE; UNHA CANDELEXA!)
de conciencia desta patria
conservada en pequenos corazóns
ardentes con fogo doce que non morre.*

*En Compostela soterraron a semente
chamada Xobán Xesús González, porta
dun futuro suntuoso e proletario
que avanza cara nós con alboroto
e vénme o arreguizo sementes de pensalo e de amalo.*

*En Compostela estamos
moitos xa para sempre derrotados.*

Para a literatura galega, tanto o libro como o poema que lle dá título, constituíu un fito refundacional dos discursos identitarios na Modernidade tardía na medida en que ambos sentaron as bases definitivas dunha historización e toma de

conciencia crítica das ambivalencias connaturais a toda reflexión identitaria centrada no concepto de nación. Á súa vez, a historización da nación implica a destrución ou esquecemento dos seus soportes mítico-lendarios e a apertura do discurso ás disonancias propias de todo proceso histórico de construción nacional.

Outro trazo refundacional do poema é a substitución do mito polo capital simbólico dunha tradición cultural propia. Así, Compostela convértese no emblema da nación, no seu referente cultural e histórico por excelencia e no punto de converxencia dos discursos identitarios da literatura galega. Non obstante, Compostela resulta ser un signo ambiguo xa que, por unha parte, a cidade é unha metáfora da nación (“nacionalmente”, v. 14, con boa dose de ironía), é “conciencia desta patria” (v. 27), é portadora da memoria colectiva —non só cultural senón tamén política— cifrada nunha serie de figuras significativas: “Rosalía, Pondal, Faraldo” (v. 22) e “Xohán Xesús González” (v. 31), fusilado ao iniciarse a Guerra Civil. Pero, por outra parte, esa mesma cidade é a testemuña do fracaso dos proxectos utópicos da nación (*vid.* o díptico final, vv. 36-37). Nesa conciencia tráxica —resumida nas “compañías de mortos compañeiros”, (v. 20)— aniña aínda un hábito de resistencia na escritura que abre unha fenda a un “futuro suntuoso e proletario” (v. 32) polo que Compostela logra preservar a súa dignidade como facho histórico da resistencia da nación. Aínda así chama a atención que a sociedade en si mesma non deixe máis rastro no texto que a proxección dunha utopía *proletaria* de acordo coa ideoloxía de resistencia daquela dominante. Con ese dato concorda a construción en clímax —ata a desgarrada irrupción final— dunha voz solidaria que pluraliza as propias aspiracións como voz colectiva (vv. 12, 25 e 37).

De sobra é coñecido que Méndez Ferrín noutras obras narrativas recorre á alegoría e ao mito (baste lembrar *Arnoia*, *Arnoia*). Así non estraña que o poema “Con pólvora e magnolias” (que programaticamente xa reúne os dous polos do compromiso: a poesía e a acción política) actualice un horizonte cultural áncorado nas supostas raíces celtas dentro do imaxinario identitario da cultura galega (“prantas espirais” v. 5). Ambos datos denotan a persistencia dunha reivindicación e vontade de construción de nación en e mediante o discurso poético.

B. Manuel Rivas: “A negra terra” (1985)

Na liña apuntada sitúase o tratamento da problemática identitaria na poesía de Manuel Rivas, un dos escritores galegos de máis proxección internacional actualmente e herdeiro dese mesmo compromiso coa construción da nación. A escritura poética de Manuel Rivas transita por esa fenda se ben renunciando ao máis mínimo rescaldo alegórico e, en poemas como “Fonema”, xa historia abertamente en clave social e con referentes autobiográficos os procesos de minorización cultural na sociedade galega denunciando, no caso concreto de “Fonema”, a imposición lingüística do español en Galicia no estado franquista. Sen menoscabo diso, a continuación desenvolverei máis amplamente a idea da precariedade da nación, o que é un motivo estruturante do discurso identitario no que se inscribe a súa escritura poética.

No texto de *Mobicana* (1986) titulado “A negra terra”, —que implicitamente pode remitir ao boletín *A Nosa Terra* publicado a partir de 1918 polas Irmandades da Fala— asistimos a unha ambivalente remitificación telúrica da nación:

*De falar, falarei coa terra.
A terra verdadeira,*

*a negra terra
 onde prende a raíz.
 A terra que se pisa.
 A terra que se queima e que se crava.
 Ese enorme lenzo onde o home debuxa o seu capricho.
 Onde o home se perde e se resolve en sombras.
 A negra terra,
 ese corpo de puta vella con dentes amarelos de tabaco,
 con olleiras negras de tan azuis.
 De falar, só con ela falarei
 e falarei coas mans,
 docemente coas unllas,
 coas paixón dun amante,
 como falan, cando albiscan a morte, os xabaríns feridos.
 Coa terra, con esa negra terra
 que cuspe, como sangue do peito, primaveras.*

Por unha parte, a voz enunciadora do poema identifícase co máis esencial do territorio (vv. 1-6). Non obstante, por outra, desa converxencia de conciencia persoal e terra (vv. 7-8) non resulta un idilio nin moito menos, senón que a relación entre o suxeito e o seu obxecto de desexo —a terra— escenifícase nos termos dunha paixón visceral e disonante. A precariedade coa que é percibida a nación plásmase no seu rostro bifronte, sexa como “puta vella” ou sexa como amante (vv. 9-16). A eficacia poética do texto radica no que se denominaría a súa *retención denotativa*, é dicir, en que a analoxía entre terra e nación quede sen explicitar aínda que se sobreentenda á luz do potencial subxectivo das alusións implícitas e a metaforización do territorio en clave existencial. Ademais o compoñente etnopoético do texto escamotea o imaxinario cultural máis tradicional dos discursos identitarios da literatura galega, tal e como son as reminiscencias á cultura celta aínda presentes en Méndez Ferrín. Grazas ao impulso desiderativo do enunciado, a maldición inicial cede finalmente paso a un augurio de redención onde culmina a identificación da voz do cantor elixíaco e o seu referente poético, a terra. Tamén este poema podería entenderse intratextualmente como a resposta á pregunta de Don García —o último rei de Galicia— xa formulada en *Baladas nas praias do oeste* (1985): “¿Deixaredes morrer a nación dos galegos?” Así, e en canto que estrutura figurativa significativa, a alegoría vese desprazada por unha referencialización meramente xeográfica da nación (no Poñente) en consecuencia cunha alusión á súa historia, que pode ser —como no caso de Don García— real (empírica) ou literaria (textual) ou incluso lendaria (como na novela do mesmo autor, *En salvaxe compañía*).

Por último, resta consignar que as ambivalencias no discurso identitario de Méndez Ferrín e M. Rivas plásmanse na súa dobre codificación, sexa a nivel individual en tanto que constitución agónica dun suxeito persoal, ou sexa a nivel colectivo en tanto que reivindicación e resistencia da nación, apprehendida xa no seu estatuto histórico.

C. Xohana Torres: “Penélope” (1987)

*Declama o oráculo
 “Que a banda do solpor é mar de mortos
 incerta última luz, non terás medo.
 QUE ramos de loureiro erguen rapazas.
 QUE cor malva se decido o acio
 QUE acades disas patrias a vendimia.
 QUE amaine o vento, beberás o viño.
 QUE sereas sen voz a vela embaten.
 QUE un sumario de xerfa polos cons”.*

*Así falou Penélope:
 “Existe a maxia e pode ser de todos.
 A que tanto novelo e tanta historia?
 EU TAMÉN NAVEGAR”.*

Este poema (recollido no libro *Tempo de ría*, 1992) xa foi publicado no monográfico de *Festa da palabra silenciada* de 1987 dedicado á escritora santiaguesa afincada en Ferrol, Xohana Torres, que —como os números precedentes— foi tamén coordinado por María Xosé Queizán, o referente ineludible da vehemente emerxencia dunha poesía galega de xénero feminino desde polo menos 1983. O verso final de “Penélope” (“EU TAMÉN NAVEGAR”, que absorbe en si toda a serie de dislocacións lingüísticas precedentes) adquiriu pronto unha significación emblemática como froito da reivindicación dunha identidade poética feminina como expresión lingüística da súa diferenza (como ben estudaron Carmen Blanco en 1995 e Helena González en 2000 e 2001).

Se na elisión da forma verbal requirida pola norma se condensan as carencias dunha linguaxe usurpada ao xénero feminino polo patriarcado e os seus discursos políticos, esa mesma frase constitúe xa un balbucido que pronto conseguiu ganar consistencia como linguaxe poética que esixe non só o recoñecemento dunha identidade de xénero senón tamén que xermola nun desexo de recuperación do corpo e da nación. Así, no poema “Penélope”, a voz enunciadora outorga ao corpo e sobre todo á nación un estatuto privilexiado: ao corpo feminino en canto que instancia persoal de autoconstitución subxectiva e diferencial, mentres que á nación (vv. 6 e 11) en canto que expresión dunha sociedade emerxente cuxas estruturas deberían asegurar a autodeterminación e autoxestión femininas. Ao mesmo tempo, o carácter oracular do enunciado manifesta a tracción desiderativa dunha palabra poética que xa é capaz de expresar e de dar forma —polo menos discursivamente— a ese proxecto individual e social de autoxestión e autodeterminación diferencial. Ademais, polo tanto, á privación de voz corresponde a conciencia de identidade e ruptura coas narracións sociais dominantes.

O poema de Xohana Torres recorre á emblemática figura mítica de Penélope reformulando a súa forte carga simbólica en clave dunha identidade especificamente feminina tanto individual e social como metapoeticamente, xa que o primeiro territorio de autoconstitución é a escritura poética en si mesma. De aí resulta o carácter fundacional deste poema onde aínda converxen indisociablemente poesía, individuo (definido agora polo xénero) e nación. Neste sentido, ao igual que “Con pólvora e magnolias”, o poema “Penélope” implica unha refundación do discurso poético identitario na Modernidade tardía visto que se reformula conscientemente á luz da anterior poesía galega. A partir de ambos poemas, os discursos poéticos desenvolveranse por camiños diferentes, en parte polos que eles mesmos inauguraron, e en parte por outros diverxentes.

III. *Desmonologuización, dessubstancialización / deontoloxización, trans- / exterritorialización.*

Estes procesos parten da pluralidade e simultaneidade de opcións ideolóxicas nun horizonte posnacional e alcanzan desde a indiferencia ante as narracións identitarias e a renuncia á Nación ata a persistencia explícita ou implícita da resistencia cultural. O criterio filolóxico queda superado e relativízanse, perden relevancia ou desfuncionalízanse os proxectos de construción nacional. Obsérvase unha flexibilización na funcionalidade do territorio, que deixa de entenderse empírica ou subs-

tancialmente con carga identitaria (por exemplo como a variante mítico-telúrica aludida no apartado precedente) e pode converterse nunha metáfora de autoconstitución subxectiva (por exemplo o corpo), simplemente ontolóxica ou, por iso, metapoética. Así, os discursos identitarios perden a súa condición privilexiada en beneficio dunha multiplicación e diversificación dos rexistros poéticos entre os cales o paradigma de identidade (e aínda máis o da identidade colectiva ou nacional) é só un máis entre outros moitos. Así mesmo, e en detrimento da lírica, a novela convértese definitivamente no xénero preeminente. Ambos datos supoñen un indicio de normalización:

1. Constitución do discurso sen marcas identitarias explícitas, se ben con marxe a referencias culturais explícitas: De *Mesteres* de Arcadio López Casanova a *Códice calixtino* de Luz Pozo (linguaxe e tradición como marcas identitarias implícitas).
2. Exterritorialización de L. Tosar: “Palermo de Buenos Aires” en *Remol das travesías* e poesía posvanguardista e urbana de Franck Meyer en *Resumo da despedida* (2003). A anomalía como certificado de normalidade.
3. Primacía do xénero e da autoexperiencia individual sobre a nación: De *Festa da palabra silenciada* a *Val de leite*.

Tres lecturas

A. Arcadio López-Casanova: “*Liturxia do Corpo. Himno*” (1975-1982)

- Mírote cos ollos que foron meus*
 —os da mocidá—,
 ora que xa vou vello de exilio, e a neno medro, e home (axiñllome á porta da Casa;
 con lucidez e resignación,
 5 con vida e morte,
 con amor,
 i eres ti, i eres ti, i eres
 ti,
 [...]
- 40 *Mírote cos ollos que foron meus,*
compañeira miña,
 —¡oh, desamparada!—,
 ora que paso a paso me levas, ora que paso a paso me guías,
 e queda o mar atrás,
 45 *i é a Noite,*
i cenden as estrelas o teu corpo de xuventú,
e vas comigo,
i o mar dende atrais vaza e limpa os teus pes,
devala o mar dende atrais antre as maus de nácare, miña louvada,
 50 *e chegamos,*
e chegamos algún día,
e abres a porta da Casa, pos o mantel das viandas, a cunca, a lámpada da maxestá,
e eisi soios,
 55 *e eisi soios*
a mirada regrésame do vivir.
I estou vivo.

Entendida a aventura poética de A. López-Casanova como unha vasta indagación do Ser na palabra e consciencia da intencionalidade do Dicar, coa súa obra a poesía galega afunde as súas raíces nunha tradición moderna universal que quizais —durante o século XX en Galicia— ninguén aínda explorara con tanta intensida-

de. Pódese considerar como un texto matriz da súa poesía “Liturxia do corpo. Himno” do que realicei unha detallada análise (2004a) e cuxos motivos poéticos máis destacados constitúen todo un feixe de imaxes que cumpren unha función estruturante da súa escritura poética. Algúns varían explicitamente, pero de forma moi singular, paradigmas figurativos secularmente arraigados na tradición moderna (por exemplo, os motivos da viaxe, do exilio e da casa), mentres que outros incluso a trascenden para esencializar arquetipos míticos elementais como é o caso da Terra-Nai perdida e recobrada, ao mesmo tempo bendita e maldita, afastada e intencionalmente presente. Outros símbolos —como a Noite— son semantizados mediante a complexa interacción de múltiples códigos discursivos e de significación poética que implicitamente remiten a unha *mística* e *erótica* de profundas implicacións epistemolóxicas. Por último, tamén a idea da muller-guía, que igualmente aparece no texto, atópase inscrita nunha ancestral tradición poética que ten de unha ponte, por exemplo, de Dante Alighieri a Octavio Paz.

“Liturxia do corpo. Himno” formula un percorrido iniciático artellado en catro movementos simbólicos (a *Chegada*, vv. 1-7, a *Chamada*, vv. 8-23, o *Regreso*, vv. 24-39, e o *Ingreso*, vv. 50-67) dos que o punto de chegada será a *Casa*. Nun horizonte temporal a voz enunciadora do texto percorre un itinerario de regreso á infancia. Esa voz vai desandar logo o seu paso polo exilio e a noite ata culminar nun retorno á vida grazas a unha apoteose da visión da infancia. Esa traxectoria, polo tanto, pode describirse tamén como tránsito dunha conciencia de maldición e condena a un estado salvífico grazas á presenza do corpo na comunión coa muller interpelada que opera a rexeneración do suxeito. Esa dinámica refuncionaliza un dos arquetipos literarios simbólicos e eróticos máis elementais na tradición poética occidental e confere á muller unha función redentora neste poema.

Afirmación e negación da potestade redentora da linguaxe apuntalan a inestabilidade e precariedade do dicir poético e a mera intencionalidade do discurso. Non obstante, a facultade da linguaxe de concitar a presenza do corpo grazas ao desexo de linguaxe e ao desexo de coñecemento asegura, á súa vez, a dignidade dese canto postutópico. Así, na epistemoloxía da que é expresión “Liturxía do corpo. Himno” a presenza do corpo e da linguaxe devén a medida do Ser e a causa da súa transitoria apoteose no Dicir poético que, pola súa parte, transmite un coñecemento intuitivo, non racional, pero si reflexivo, crítico e iluminador dun estado de consciencia totalizador. Inscrito nunha posmodernidade que se aferra criticamente ás obsesións ontolóxicas do discurso poético da Modernidade, o poema “Liturxia do corpo. Himno” inclínase cara a unha concepción do fenómeno poético como experiencia da linguaxe e presenza do Ser na palabra, por todo o cal entronca cunha das vetas máis seculares da tradición poética occidental (Gómez-Montero 1996).

Resulta particularmente significativo, polo tanto, a consciente situación do discurso á marxe dos presuntos sinais identitarios de *galeguidade* —mantidas agora fundamentalmente grazas á linguaxe—, o que sen dúbida implica que a escritura de A. López-Casanova se instala nunha concepción exterritorializada e esencialista da palabra poética. Así, cando sexan refuncionalizados motivos recorrentes na tradición poética galega —como no caso dos motivos da sombra ou do mar— será determinante a súa dialóxica transformación e inscrición nun mapa poético absolutamente universal. Nunha perspectiva histórico-literaria, polo tanto, a aventura poética de A. López-Casanova pode considerarse como un evidente signo de normalización discursiva da lírica galega.

B. Luz Pozo Garza: “Agora contemplamos a mar de Vigo” (1991)

Sutil é tamén a impronta identitaria do poema de Luz Pozo “Agora contemplamos a mar de Vigo” (de *Códice calixtino*, 1991), que ten como referente a poesía trobadoresca medieval e en concreto as cantigas de Martín Codax. En “Agora contemplamos a mar de Vigo” o discurso erótico e a contextualización urbana do poema adquiren estabilidade subxectiva grazas á ancoraxe da escritura na tradición literaria galega. O poema é en realidade unha cantiga en clave ontolóxica e supón a privatización do xénero e da tradición literaria:

Agora contemplamos a mar de Vigo
A Eduardo

*Amei a mar de Vigo.
Amei a luz que modifica a doutrina dos astros
a total curvatura que da unidade ás formas
cando a badía nace cada mañá
e ti agardabas.
Foi o móvil primeiro.*

*Amei o espacio único
cando decrece a chuvia pola banda da Guía
e a mar indefinida —paráfrasis celeste—
pode entregar a luz.
Amei o reino onde as aves inician unha curva
melódico para morrer de amor nos outonos diáfanos
do norde.*

*Amei os días indecisos. Había un río inmóvil.
Aínda ausencia implacable escribía
nunha letra miúda a nosa historia
e pechamos nun códice as derradeiras páxinas
do amor. Opera omnia.*

*Agora contemplamos a mar de Vigo xuntos.
Vemos caer a noite nun equilibrio ingrávulo
e escoitamos a última sinfonía do crepúsculo nas avenidas
interiores dun xardín en penumbra.
Ben sei que ficarei neste sosego para sempre.
Mentres cruzamos pórticos transparentes
pontes iluminadas
espacios sucesivos
chegan coma mensaxe as horas extinguidas
no axioma da existencia.
Ben sei que ficarei neste sosego in da despois
da morte.*

O suxeito do enunciado lírico segue a ser a voz feminina que profire unha queixa elexíaca e o motivo poético do *Mar de Vigo* continúa asumindo unha función central. Comparando o texto coa primeira das seis cantigas de Martín Códax (“Ondas do mar de Vigo, / se vistes meu amigo / E, ¡ai, Deus, se verá cedo! / Ondas do mar levado...”) saltan á vista as correspondencias no número das estrofas (catro, como nas cantigas “Mia irmana fremosa...” e “Quantas sabedes amar amigo...”) e, sobre todo, no seu arranque anafórico que ademais retoma o refrán “Amor ei” da sexta cantiga (“Eno sagrado, en Vigo”). Pero a renuncia ao refrán, aos paralelismos e á dicción popularizante abre o camiño á subxectivación discursiva. Así, a voz poética fortalécese e rexenérase (tamén estilisticamente) no seu referente ata adquirir densidade identitaria.

No poema de Luz Pozo, posiblemente como produto dunha conciencia implícita de subalternidade discursiva, o recurso a unha tradición poética constitúe xa de por si un paradigma de significación. Por iso é xusto formularse ata que punto cabe ler este poema en clave identitaria, xa que este tema se formula sobre todo hermeneuticamente e a nivel metatextual. De feito, este dato xa de por si indica o alto grao de normalización discursiva do texto que, en realidade, podemos entroncalo cun dos grandes paradigmas da modernidade literaria, é dicir, coa escritura da memoria persoal e a ontoloxización do tempo grazas á experiencia erótica. A memoria opera unha suspensión da ausencia grazas á comunicación establecida entre a voz poética e o interlocutor ausente na cuarta estrofa (na que o primeiro verso retoma o título : “Agora contemplamos a mar de Vigo xuntos”). Daquela a experiencia erótica convértese en texto “pechamos nun códice as derradeiras páxinas / do amor”) e unha única voz común concita a contemplación conxunta da paisaxe urbana que baixo os auspicios da “última sinfonía do crepúsculo” perde toda consistencia referencial para adquirir densidade simbólica e anticipar, indefectiblemente, a plenitude dese proceso comunicativo na morte.

A memoria individual éríxese así na faciana identitaria decisiva do discurso cuxa inclusión nunha tradición literaria específica, á súa vez, obvia toda referencia a unha identidade colectiva. Por outra parte, o texto literario emancípase da vinculación discursiva da linguaxe galega a calquera estratexia de construción nacional e limítase a documentar a escritura dunha conciencia persoal. Neste sentido, o poema tamén se subtrae á dialéctica entre homoxeneización discursiva, pero aínda así implicitamente a escritura posúe un valor engadido ao asentarse na tradición poética galega. Ese valor engadido é simbólico, opera a nivel metapoético e apunta a unha vontade subxectiva de autoinvención. En consecuencia, o texto é un bo exemplo de normalización e de emancipación de toda subalternidade discursiva.

C. *Luís G. Tosar: “Palermo de Buenos Aires” (1989)*

Sen dúbida, Santiago de Compostela constitúe un mito colectivo fundacional dos discursos identitarios na literatura galega desde Rosalía de Castro ata Méndez Ferrín, e así, durante a dictadura franquista, o nacionalismo galego e os seus discursos literarios erixírona en emblema da resistencia. Tosar somete ese paradigma a unha revisión postutópica desmonologuizándoo: por unha parte un poema como “Cidade os teus ollos de onte” (1992) acerta a resacralizar a cidade mediante un percorrido cara ao encontro dunha orixe que, non obstante, é percibido só fragmentaria e transitoriamente posto que Compostela resulta ser “o espello roto” onde “a vida é verdade e nunca chega” (Gómez-Montero 2004); pero ao mesmo tempo, e de modo semellante a como Rosalía de Castro replicaba en “A gaita gallega” ao escritor santanderino Ventura Ruíz de Aguilera (“no acierto a deciros / si canta o llora”): “qu’eu podo decirche: non canta, que chora”, un poema de Tosar titulado “¿U-los derrotados de Compostela?” (1986) contradí aquel “En Compostela estamos / moitos xa para sempre derrotados” (vv. 36-37) de Xosé Luís Méndez Ferrín que penso que puido converterse na cifra exacta das inquietudes de toda unha xeración de intelectuais galegos maltratados durante o franquismo:

*E mais levadeira a dor e devece o abatemento
cando chego dos mil pasos perdidos do país
e tocan en min os sinos e campás de Compostela.
Vaime guiando calquera porta, sinal ou referencia,
e pñoome a andala dun xeito vivo e coa elegancia
que me cede un meu amigo poeta aínda no desterro. (vv. 1-6)*

[...]

*Poñede as figuras necesarias buligando sen parar,
reparade nos rostros dos mozos máis románticos
e se tedes vagar polas tardes e limpeza nos ollos,
endexamais seredes derrotados nesta Compostela.* (vv. 24-27)

Hermeneuticamente, poderían entenderse estes versos case como un asasinato do pai ou —en termos menos dramáticos— cabe constatar que abren un diálogo co poema de 1975 como estratexia de autocercioración discursiva, o que á fin e ao cabo supón a aceptación da tradición literaria galega como a propia. Unha vehemente vontade de autoafirmación —que, como veremos, resulta da perspectiva do emigrante— acerta a rescatar un punto da memoria colectiva e con significación identitaria para o galeguismo, pero resemantízao para que o suxeito reocupe ese territorio de identidade. En *Remol das travesías* (1989) o discurso poético tosariano deseña, non xa en Santiago de Compostela senón ben lonxe da península, unha diferente mitoloxía que fai accesible a orixe á memoria individual proxectándoa no espazo de infancia e xuventude que, noutro poema, xa non se cifra en Compostela, senón no barrio de Palermo en Buenos Aires:

“Palermo de Buenos Aires”

*Fuxo nas alas desta noite convulsiva
Para atoparte en cada cruce de memoria
Pois fúcheste esvaíndo pouco e pouco
—barrio meu dos quince anos* (vv. 1-4)

[...]

*Débome a ti, principio do camiño,
ás túas esquinas con almacenes rosados,
e ábrolle cancha a chamullos doutro tempo
para acabar pedindo vez
na rolda dos teus cantores e malevos.
Facede sitio no patio adornado con malvones;
son o cantor ausente moitos anos,
e aínda que as palabras amadas desta lingua
agochen hoxe o meu acento lunfa,
eu sonvos aquel pibe que naceu nunha cortada,
o mesmo corazón que medrou nun conventillo.*

*Palermo é un medo vello sentido moitas veces,
un guapo que nos fere por dentro co coitelo* [...] (vv. 12-24)

A afirmación da identidade fundaméntase nun procedemento de enunciación (“son o cantor”) que imbrica expresións específicas do español falado en Arxentina —ou, máis en concreto, do porteño— no texto galego (“eu sonvos aquel *pibe* que naceu nunha *cortada*”). A voz poética sitúase conscientemente na tradición dos *cantores* nostálxicos de Buenos Aires (“os teus cantores”), entre os que sería difícil obviar a J. L. Borges en cuxo poema “Benarés” de *Fervor en Buenos Aires* a voz poética se definía co mesmo termo (“la ciudad que canto”, v. 27; Gómez-Montero 2002). Así, traspasando os límites da literatura galega e peninsular, dilátase o horizonte referencial do poema. Resulta tamén evidente que non só a enunciación nostálxica é un trazo común dos poemas de Tosar e Borges, incluso a cartografía de Buenos Aires ou, canto menos, do barrio de Palermo se corresponden. Cabe, polo tanto, concluír que “Palermo de Buenos Aires” recorre ao referente borgeano de representación cuxos signos (patios, esquinas, etc.) son rescatados no discurso poético: se o verso “as túas esquinas con almacenes rosados” remite explicitamente a “Calle con almacén rosado” de *Luna de enfrente*, estes e outros termos como

barrio, tango, calesita son referentes constitutivos da representación en “Fundación mítica de Buenos Aires” de *Cuaderno de San Martín*. De acordo coa mitoloxía bonaerense de Borges, o Palermo de Tosar transfórmase nun *guapo* con *cuchillos* —coitelos—, nun sementeiro de *malevos* e en cultivo de *tangos* e *milongas* que, no seu conxunto, remiten tamén á poesía borgeana de madurez desde *El otro, el mismo* ata *Para las seis cuerdas*.

Estructuralmente, o que reviste aínda máis importancia, ambos discursos poéticos asimílanse no xesto autobiográfico da escritura: “los versos de mi vida” de “Calle con almacén rosado” (v. 28) corresponden ao verso final do autor galego, “Heite sacar á luz entanto eu teña vida”. Este, á súa vez, especifica o seu discurso mediante outros referentes circunscritos á emigración galega en Buenos Aires como *conventillo, potreros, acento, lunfa, cortada*... Así, o texto “Palermo de Buenos Aires” autocerciora o seu estatuto identitario mediante unha dobre referencia discursiva conformada tanto por un elemento autobiográfico como pola re-lectura do barrio xa entendido como un ideoloxema poético de filiación borgeana. Desta maneira, a escritura tosariana da memoria implica un complexo acto de autoconstitución dado que a invención memorialística do suxeito se dinamiza grazas a esa dobre referencia discursiva que determina a voz elexíaca e os motivos poéticos. Mediante esas estratexias intertextuais o discurso poético descéntrase, como poñen de manifesto os seguintes catro versos:

*Quizais non sexa marzo no teu Xardín Botánico,
quizais non houbo trenzas nin rosas concebidas,
pero esta noite eu deixo medrar a miña voz
para alcanzar Palermo con versos de nostalgia.* (vv. 37-40)

No xesto nostálxico da enunciación técese unha mitoloxía identitaria na que o referente urbano se inscribe como signo de autoposición. Non obstante, a lembranza non é capaz de borrar as disonancias que persisten tras o desexo de identidade que enuncian os versos, e así os tres versos finais do poema reteñen de novo un hiato na reconstitución do suxeito:

*Barrio grande, tamén hoxe embazado pola néboa,
ti es o único anaco da memoria verdadeira;
heite sacar á luz entranto eu teña vida.* (vv. 41-43)

Palermo é, polo tanto, o último fragmento da verdadeira memoria. O resultado da vontade estética de recentramento é produto dunha linguaxe do Desexo que non oculta o recoñecemento dunha conciencia non idéntica a si mesma, dado que a visión da memoria é un acto de resistencia contra a negatividade condensada nestes últimos versos. Aínda así, a lembranza forxa un reduto de identidade ou digamos que suplanta a súa carencia escenificando pegadas dunha identidade desexada e restituída na escritura poética. A dobre referencia urbana da mitoloxía identitaria (Buenos Aires e Compostela) manifesta á súa vez a súa exterritorialización no sentido de que esculca ao mesmo tempo en múltiples espazos.

Na escritura da memoria tosariana, á fin e ao cabo, Buenos Aires e Santiago de Compostela confúndense e converxen nunha única intención de identidade. O órgano que xera as imaxes identitarias é unha memoria que resacraliza ambos espazos urbanos grazas á impronta discursiva dunha voz poética que asume os trazos performativos dunha dobre tradición literaria: a dun discurso cultural minorizado e as representacións urbanas da lírica borgeana. Non obstante, en Tosar a escritura poética

está marcada por un claro impulso postutópico que é a faciana da súa resposta periférica á perda de identidade, á erosión do potencial de autodeterminación subxectiva innato ao proxecto da Modernidade e á destrución das utopías. Esa conciencia trágica e polifónica é tamén definitoria para os modelos identitarios que propoñen discursos culturais tradicionalmente minorizados na península Ibérica.

Múltiples razóns —en aras da vocación á pluralidade da posmodernidade e máis alá do presuposto de indiferencia ideolóxica (Zima 1997)— propiciaron hoxe o desprestixio dos discursos identitarios monoloxizantes, esencialistas, homoxéneos en beneficio de posicións postutópicas e conscientes da hibridación cultural e da alteridade. Aí radica actualmente o gran desafío que asumen as literaturas ben ou mal chamadas periféricas e —o que é crucial— en proceso de normalización como a galega, cuxos discursos poéticos nos momentos quizais máis felices se instalan no baleiro aberto polas ruínas da Modernidade, para afirmarse como un foco cultural periférico e intencional de identidade (Gómez-Montero 2000).

E é que ademais —retomando a dimensión ética da cuestión en referencia explícita ao legado intelectual de Xoán González-Millán— segue habendo razóns para inventarse e reinventarse (a máis elemental sería por exemplo non querer deixarse inventar por outros, resistirse a ser inventados por outros). É dicir, os discursos identitarios na lírica galega tamén hoxe se fraguan en posicións sabedoras de que a identidade é unha quimera, un imposible, unha entelequia, un soño, pero que a identidade é un paradigma necesario, que esixe ser cultivado e que é imprescindible como principio de autoafirmación subxectiva. Nunha palabra: pensar a identidade hoxe en día é posible, pero como soño, como perda, como compensación da súa perda ou, simplemente, como o xogo de pensar o propio como alleo e viceversa. Noutras palabras, pensar a identidade hoxe ten que correr paralelo a unha toma de conciencia da propia alteridade. Sen a integración mutua do propio e do alleo, sen unha vontade de hibridación, os discursos identitarios corren o risco de ser manipulados polo poder, así a cultura quedaría a mercede de grupos de interese político de modo que a problemática identitaria sería utilizada polos axentes sociais dependentes do poder —dependentes de metanarracións ideoloxizadas, sexan do signo que sexan.

Debemos finalmente recoñecer que este punto —a reflexión identitaria— constitúe unha das maiores aportacións das literaturas minorizadas da península Ibérica ás literaturas canónicas de Europa, dado que non cesan de refrescar a memoria da identidade. Ao mesmo tempo tamén aportan imaxes do home e da sociedade xeradas na diferenza, na ollada do outro. E esa visión da diferenza enriquece o sistema literario ibérico, que debe ser un complexo sistema non homoxeneizador, senón baseado no principio da diferenza cultural, lingüística e literaria (Gómez-Montero 2001). De modo que o funcionamento cabal de semellante diastema ou polisistema literario —se non quere quedar abocado ao fracaso— esixe respectivo coñecemento mutuo entre as súas partes e presupón a insuficiencia dos conceptos de literatura(s) nacional(is) e rexional(is), así como a continxencia de tales nocións unha vez se convertan en redundantes e inoperantes.

Tradución: Andrés Crespo

Referencias bibliográficas

Blanco, Carmen

- 1991 *Literatura galega da muller* (Vigo: Xerais)
- 1995 *O contradiscurso das mulleres. Historia do feminismo* (Vigo: Nigra)

González-Millán, X.

- 1997 A. Figueroa/X. González-Millán, *Communication littéraire et culture en Galice* (Paris: L'Harmattan)
- 2000 *Resistencia cultural e diferenca histórica* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- 2001 "Soziale Diskurse und Nationalliteratur: Ein paradigmatisches Modell (unter besonderer Berücksichtigung der literarischen Diskurse in Galicien)", en J. Gómez-Montero: 3-39.

Gómez-Montero, J.

- 1996 "Escritura del espacio y plenificación de la palabra en la lírica de Andrés Sánchez Robayna", en *Estudios Canarios. Anuario del Instituto de Estudios Canarios*, XL: 41-74.
- 2000 "Sprache, Identität und Territorium —ein postutopischer Traum", en *Territorios de la poesía— Territorien der Lyrik in Spanien (Spanisch, Katalanisch, Baskisch, Galicisch, Deutsch). Eine Anthologie* (Berlin).

- 2001 “Vorwort” e “Ambivalenzen des Eigenen —Identitätsentwürfe in der baskischen, galicischen und katalanischen Gegenwartsliteratur”, en *Minorisierte Literaturen und Identitätskonzepte in Spanien und Portugal. Beiträge zu Romanistik* (Bd. 5), J. Gómez Mortero, ed. IX-XXVII e 325-341 (Wissenschaftliche Buchgesellschaft: Darmstadt).
- 2002 “Borges liest Lugones. Zur paradoxen Erfindung einer modernen Tradition in der argentinischen Literatur”, *Romanistisches Jahrbuch* 53.
- 2003 “Poesía asturiana y discursos identitarios en el sistema literario español”, en *I. Conceyu de Lliteratura Asturiana. Llettras Asturianas* (Oviedo).
- 2004a “Arcadio López-Casanova ‘Liturxia do corpo. Himno’”, *Cien años de poesía, Veinte poemas gallegos del siglo XX: estructuras poéticas y pautas críticas*. Ed. por J. María Paz Gago y Lucía Fraga Rodríguez (Peter Lang: Basel-Nova York).
- 2004b “Nueva York – Buenos Aires – Santiago de Compostela. Ruina y restitución del centro en la poesía hispánica del siglo XX”, en S. Grundwald, C. Hammerschmidt, V. Heinen, G. Nilsson (Hrsg.), *Pasajes —Passages— Passagen. Homenaje a Christian Wenzlaff-Eggebert*. Servicio de Publicaciones de la Universidad (Sevilla).

González, Helena

- 2000 “Penélope i Antígona, dos miralls mítics de la literatura gallega de dones”, *Anuari de Filologia* XXII (10): 59-68.
- 2001 “Literatura galega de muller, unha visión sistémica”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1999: 41-67.

López-Casanova, Arcadio

- 1987 *Antología personal. Obra poética gallega y castellana (1967-1987)* (Ferrol: Esquíu).

Monteagudo, Henrique

- 1995 “Nación/creación. Estética e política no agromar do ensaio galego”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1995: 63-108.

Zima, P.

- 1997 *Moderne/Postmoderne* (Tübingen/Basel)

Zima, P.

- 2001 *Das literarische Subjekt. Zwischen Spätmoderne und Postmoderne* (Tübingen/Basel)